

**ACTA NÚMERO 03/08**  
**XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO**  
**E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA**

<p>ASISTENTES</p> <p><b><u>POLA DIRECCIÓN:</u></b></p> <p>D. CARLOS EIREA EIRAS D<sup>a</sup>. SUSANA ALDECOA LANDESA D<sup>a</sup>. PILAR RIBEIRO MARTINEZ D<sup>a</sup>. PILAR PINTOS MARTINEZ D. FERNANDO ISIDRO LAGO DEIBE D<sup>a</sup>. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ D<sup>a</sup>. BELEN VAZQUEZ PACHECO D<sup>a</sup>. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO</p> <p><b><u>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</u></b></p> <p>D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D<sup>a</sup>. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE D<sup>a</sup>. TERESA NUÑEZ GALLEGO-CEMSATSE D<sup>a</sup>. HERMINIA VAZQUEZ NIEVES-CEMSATSE D<sup>a</sup>. PURIFICACION VILLAR DE TORO-SGPS D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ELENA SANCHEZ RODRIGUEZ-USAE D<sup>a</sup>. GONZALO FIGUEIRA RODRIGUEZ-UGT</p>	<p>En Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dez de marzo de dous mil oito, reúnen-se na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
--	---

**-- ORDE DO DÍA --**

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Protocolo de permisos e licenzas.
3. Erros no listado de chamamentos de médicos, no caso de ter que recorrer a obrigatoriedade. Algún sindicato detectou erros e comunicounos á Xerencia sen ter recibido resposta.
4. Habitacións do PAC de Coia. Problema solucionado pola presenza de mosquitos.
5. Existencia dun escrito do Xefe de Servizo e Coordinador de Enfermaría de Redondela en relación co fisioterapeuta do centro. Información acerca desta cuestión.
6. Domicilios: Situación actual do tema, comisión de zonificación, ...
7. Mobilidade interna.
8. Comisións de servizo. Se require información sobre se actualmente se está concedendo algunha e os criterios que se seguen de se-lo caso.
9. Fisioterapia na cidade de Vigo. ¿Vanse crear prazas no 2008? ¿Cántas? ¿Ónde?
10. Plan de necesidades: Información sobre a execución do plan do 2007. ¿Qué se fai cos planes inacabados?
11. Mantemento: Problemática, sobre todo cando se demanda o seu servizo pola tarde.
12. Acordo de concertación social: Permiso por enfermidade de familiar, feito causante.

**POLA XERENCIA:**

13. Unificación PAC Vigo
14. Centralización prestación sábados.

**PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.**

Aprobase a Acta nº 1/08 da reunión de data 14 de xaneiro de 2008 e queda pendente de aprobación a nº 2/08, do 11 de febreiro.

**PUNTO SEGUNDO.- PROTOCOLO DE PERMISOS E LICENZAS.**

- SECRETARIO COMISION DE CENTRO: A xerencia presentou unha proposta do protocolo no mes de novembro, a parte sindical dixo que faría alegacións e non se fixeron no seu momento, agora a parte sindical fai alegacións no propio documento que se lles presentou e dan copia para que se analice.
- COMISION DE CENTRO: Entende que o novo protocolo queda pendente de aplicar, e vaise a utilizar o antigo.
- XERENCIA: Non, está en vigor se se teñen en conta as alegacións faranse modificacións.
- CC.OO.: Non se lle pode dicir aos xefes de servizo que está consensuado.
- XERENCIA: Se non se dixo nada diso.
- CC.OO.: Hai un protocolo novo porque hai normativa nova pero non se cumpre na súa totalidade.  
Suxírese que se lles envíe un escrito ao responsable dos centros de que non é un acordo consensuado.
- XERENCIA: Non se dixo que había acordo sindical, pero se queredes unha aclaración aos traballadores a través dos xefes de servizo de que non é farémolo, estudarase o documento que presentades, revisarémolo e verase na próxima reunión que se adianta ao día 7 de abril do 2008 (primeiro luns de mes).

**PUNTO TERCEIRO.- ERROS NO LISTADO DE CHAMAMENTOS DE MÉDICOS, NO CASO DE TER QUE RECORRER A OBRIGATORIEDADE. ALGUN SINDICATO DETECTOU ERROS E COMUNICOUNOS A XERENCIA SIN TER RECIBIDO RESPOSTA.**

- XERENCIA: Revisouse o que se había notificado en correo electrónico dunha persoa que parecía estaba mal e si había un erro, que se emendará.
- COMISION DE CENTRO: ¿Pódense colgar na WEB os criterios?.
- XERENCIA: En principio vaise a revisar a listaxe e enviarase a información a través dos xefes de servizo para que o transmitan aos compañeiros.

**PUNTO CUARTO.- HABITACIÓNS DO PAC DE COIA. PROBLEMA NON SOLUCIONADO POLA PRESENZA DE MOSQUITOS.**

- XERENCIA: A noticia témola a través da orde do día da comisión de centro, no seu momento houbo unha queixa e fíxose unha actuación e en principio non tivemos mais queixas polo que pensamos que estaba resolto.
- CEMSATSE: As habitacións de atrás hai que pintalas, hai restos de sangue de mosquito.
- XERENCIA: Imos a estudar o tema para actuar, e pintaranse as salas.

**PUNTO QUINTO.- EXISTENCIA DUN ESCRITO DO XEFE DE SERVIZO E O COORDINADOR DE ENFERMERIA DE REDONDELA EN RELACION CO FISIOTERAPEUTA DO CENTRO. INFORMACION ACERCA DESTA CUESTION.**

- XERENCIA: Si, hai un escrito, o traballador estaba en situación de I.T., presentou o alta o venres, día 7 de marzo, e agora levarase á unidade de prevención de riscos laborais.
- CEMSATSE: Os compañeiros están amedrentados.
- CC.OO.: Non entendo, se unha persoa continuamente esta levando unha conduta inapropiada, hai que tomar medidas, non por prexudicar ao compañeiro, senón para protexer aos demais.
- XERENCIA: Non tiñamos coñecemento directo ata que chegou a Redondela, e agora estamos recompilando toda a información para poder por en marcha todas as actuacións que sexan precisas, se é unha cuestión de enfermidade, tanto a través da UPRL como de saúde laboral, ou apertura de expediente se procede.
- COMISION DE CENTROS: Son actitudes nas que non se pode mirar para outro lado e hai que tomar as medidas necesaria para protexer aos pacientes, compañeiros e ao propio traballador.
- XERENCIA: Manteremos informada á comisión de centro das actuacións que se leven a cabo.

**PUNTO SEXTO.- DOMICILIOS: SIUTACIÓN ACTUAL DO TEMA, COMISIÓN DE ZONIFICACIÓN, ...**

- XERENCIA: Puxémonos en contacto co Concello de Vigo e parece que son mais sensibles que en ocasións anteriores para dotar de tarxetas aos centros, nos piden centros e numero de profesionais a acreditar, estase estudando.  
A comisión de zonificación: ten data para o 27 de marzo, a primeira reunión, e aquí comezarase a traballar, aínda que a xerencia xa esta recompilando información.

- CEMSATSE: Parécelle ben a sensibilización, as tarxetas para aparcas pero o que quere é que os coches sexan da xerencia por iso o traen á comisión de centro por si hai algo novo.
- XERENCIA: O novo esta no acordo, na acta fin de negociación onde se di que se abordara a asistencia domiciliaria dentro da negociación do acordo marco que comezara a finais deste semestre.
- CEMSATSE: Parece ben que o esforzo se faga na cidade de Vigo pero ¿a periferia? Hai algunha novidade ao respecto.  
Este conflito no é das enfermeiras e elas non teñen culpa cando chegan tarde a unha asistencia, tal e como se respondeu a unha reclamación dun usuario de que era unha mala programación das citas de enfermería.
- XERENCIA: Á mesma hora tiña dúas citas simultáneas, polo que tería que ter cambiado a cita programada da consulta. Os profesionais implicados nunha reclamación teñen que responder ás mesmas, esta contemplado no protocolo de actividade.  
Enviarase a contestación do responsable de reclamacións de Redondela a esas reclamacións que se tivo presente para contestar ao reclamante.

#### **PUNTO SETIMO.- MOBILIDADE INTERNA.**

- COMISIÓN DE CENTRO: Tema recorrente, xa falado pero os profesionais seguen demandándoo xa que non se dá unha solución desde a xerencia e queren saber que postura ten.
- XERENCIA: A postura é a mesma que se reflectiu nas últimas reunións coa comisión de centro, a situación non variou, hai un concurso en marcha, oposición, etc. que se está desenvolvendo nas datas previstas.
- COMISION DE CENTRO: Noutras xerencias hai mobilidade interna (exemplo: A Coruña) e como non se dá solución os profesionais seguen demandándoo.
- XERENCIA: Na anterior reunión fixéronse matizacións:
  - 1º.-Postura global.- mobilidade interna de especializada non é o mesmo que en primaria.
  - 2º.-Existindo proceso de mobilidade estruturados, nas categorías inmersas neles non ten sentido a mobilidade interna
  - 3º.-Aquelas cuestións onde se acheguen plantexamentos puntuais (pola parte sindical) ou de determinados colectivos, estudaranse.
- CC.OO.: Hai un acordo de fai anos e hai un incumprimento do mesmo por tarde da presente xerencia que se denunciou e acabará no xulgado.
- XERENCIA: Un acordo de fai anos con outra xerencia, non se se hai obrigación legal de asumila, a situación cambiou, hai procesos regulados. Trasladar un acordo feito

con outra xerencia e outra comisión de centro nunha realidade radicalmente distinta, a actual é un sensentido.

Facer agora un proceso paralelo a un legalmente regulado que está neste momento en marcha, non parece lóxico. Estamos dispostos a estudar situacións e colectivos concretos.

O documento nos termos en que está, na que a mobilidade aparece como “definitiva” non pode manterse; hoxe en día a mobilidade tendo en conta que hai concurso de traslados regulado, tería que ser temporal.

A xerencia reitera o ofrecemento que fixo na anterior reunión coa comisión de centro: para colectivos concretos ou casos concretos e sempre con carácter temporal, estamos dispostos a estudalo.

**PUNTO OITAVO.- COMISIÓNS DE SERVIZO: REQUÍRESE INFORMACION SOBRE SE ACTUALMENTE ESTASE CONCEDENDO ALGUNHA E OS CRIETERIOS QUE SE SEGUEN DE SER O CASO.**

- XERENCIA: Neste momento non se está concedendo ningunha fundamentándose na proximidade do concurso de traslado.  
A comisión de servizo: Coa comisión de centro avalíanse en función duns criterios, séguese coa mesma idea pero fíxose un pequeno “stand by” polos procesos en marcha, aínda que estamos abertos a estudar casos concretos sempre desde a comisión de avaliación.
- CC.OO.: Nestes momentos pola parte sindical non hai ninguén nesa comisión de avaliación, se se vai a reunir hai que pedir nomes pola parte sindical.
- XERENCIA: Propoñelos xa para telos cando sexan necesario.
- CEMSATSE: Houbo moitas prazas e non se deu ningunha comisión de servizo, cando se acordou o 50% a comisión e 50% a lista xeral, porque algunhas quedaron no tinteiro e habería que revisalas cando se poñan as novas prazas. ¿Cando se van a pór?
- XERENCIA: Estanse estudando, a idea é polas en tres veces con referencia aproximada: febreiro (xa feita), xuño e outubro; e pídese que a comisión faga propostas de necesidades, tendo en conta que hai prazas que non se van poder cubrir e outras están curtas.

**PUNTO NOVENO.- FISOTERAPIA NA CIDADE DE VIGO. ¿VANSE CREAR PRAZAS NO 2008?. ¿CÁNTAS?. ¿ÓNDE?.**

- XERENCIA: Está feito un mapa xeral de prazas que está sen matizar.  
En Vigo: En Lavadores imos situar tres pero a obra non esta feita, aínda que se axilizará para que estean este ano.  
Temos pendente unha reunión co CHUVI con idea de falar de fisioterapia na cidade, quérese expor de maneira conxunta a solución que se vai dar.

- CEMSATSE: ¿Cando se vai a facer a obra?
- XERENCIA: Na reunión con servizos centrais priorizouse a obra de Lavadores e vaise a abordar desde servizos centrais. O plan funcional xa está feito, non so de fisioterapia senón tamén para ampliar o propio centro.

**PUNTO DECIMO.- PLAN DE NECESIDADES: INFORMACION SOBRE A EXECUCIÓN DO PLAN DO 2007. ¿QUE SE FAI COS PLANS INACABADOS?.**

- CC.OO.: En Ponteareas pediron o plan de necesidades do 2008 e non lle fixo caso o que solicitaron no 2007.
- XERENCIA: Entregóuselle listado con o que ían a recibir e que pedíuselles fixeran o do 2008, na relación tamén van os artigos que non se ían a comprar. No 2007 quedou pouco fora, pero cando fixeron a petición do 2008 sabían o que ían a recibir no 2007.

**PUNTO ONCE.- MANTEMENTO: PROBLEMÁTICA, SOBRE TODO CANDO SE DEMANDA O SEU SERVIZO POLA TARDE.**

- COMISIÓN DE CENTRO: Hai problemas, o persoal non dá a basto na quenda de tarde, fai anos había varios profesionais, quedaron 2 e agora son 3.
- XERENCIA: Como no plan de necesidades está nun problema de tempos. Hai dúas persoas, a terceira está coñecendo os centros, e hai unha persoa recepcionando as solicitudes de partes de avarías. Creouse no ano 2007 unha área de responsabilidade de mantemento nos centros e a maioría non exerceu como tal, nos reunímonos con eles e con o persoal de mantemento para ir salvando e acurtando tempos, e co fin de mellorar os circuitos.
- CEMSATSE: ¿No PAC o responsable da área de mantemento é o celador?
- XERENCIA: Non é o celador, hai responsables da área de mantemento, médicos e enfermeiras.
- CEMSATSE: No PAC de Vigo quen é o responsable o sabe o persoal específico do PAC, non os voluntarios, hai que difundilo.

**PUNTO DOCE.- ACORDO DE CONCERTACION SOCIAL: PERMISO POR ENFERMIDADE DE FAMILIAR, FEITO CAUSANTE.**

- COMISIÓN DE CENTRO: O feito causante noutras xerencia o entenden desde o ingreso ao alta queren que se estableza o feito causante como no CHUVI para poder contar os 10 días a partires do último día de ingreso se é necesario.
- XERENCIA: Estudarase e darase unha resposta.

### **PUNTO TRECE y PUNTO CATORCE.- UNIFICACION PAC VIGO e CENTRALIZACION PRESTACION SABADOS.**

Centralización da prestación na liña de ordenar a atención urxente en xornada ordinaria, xa se fixo en centros como en Pontearreas e A Guarda.

En Vigo, nosa idea é unificar a atención dos sábados pola mañá no PAC de Coia o que nos permitiría racionalizar a atención:

De 8 a 15 horas con:

6 médicos para consultas (4) e para domicilios (2).

2 pediatras

8 enfermeiros

3 PSX

3 condutores

Un transporte sanitario para facilitar os domicilios, habería un calendario único para todo o concello e estableceríase un sistema de cobertura en caso de ausencia de profesionais.

Previsto: arranque mes de maio

- CEMSATSE: Problemas de espazo na sala de espera.

- XERENCIA: Fai falta unha adaptación de espazo, pero non de obras.

Simultaneamente, concentraríase toda a actividade nunha soa cabeceira que sería Coia, o que evitará confusión á poboación, daríase unha maior capacidade resolutive aos profesionais (química seca ...)

- SATSE: Non é viable, o Comité de Centro dixo non.

- CEMS: O comité estaba dividido, a maioría dixo non.

Química seca -> en marcha

¿Radioloxía?

Presenzas -> ¿Serían as mesma?.

- XERENCIA: Radioloxía: de momento non.

Estanse solicitando datos para establecer o persoal adecuado.

### **PUNTO TRECE.- VARIOS.**

- Rx VAL MIÑOR: Presentado a Recursos Económicos.
- CENTRO NOVO GONDOMAR: En marcha, plan funcional aprobado, pendente acto cesión concello terreo

- CENTRO SAUDE DE TUI: Proponse un novo terreo, pero non está contemplado como de uso sanitario.

Estamos traballando para que se resolva esta cuestión.

- CENTRO DE SAUDE PANXON: Falta cesión definitiva do terreo.
  - SATSE: Hai terrazas, non se pode ampliar a sala de extraccións e unha consulta arriba.
  - XERENCIA: É unha modificación exterior, está afectada pola lei de costas.

Remata a reunión as once horas e cincuenta e cinco minutos do día sinalado